

# TEMA 4.- AS TRANSFORMACIÓNS SOCIAIS DO S.XIX



**I.- A SOCIEDADE DE CLASES**

**II.- O DOMINIO SOCIAL DA BURGUESÍA**

**III.- O NACEMENTO DO PROLETARIADO**

**IV.- A CIDADE INDUSTRIAL**

**V.- O MOVEMENTO OBREIRO**

**A.- O LUDISMO**

**B.- OS PRIMEIROS SINDICATOS**

**C.- AS IDEOLOXÍAS SOCIALISTAS**

**D.- O INTERNACIONALISMO**

**VI.- A ARTE NEOCLÁSICA E ROMÁNTICA**



# I.- A SOCIEDADE DE CLASES

O desenvolvemento da industria, do comercio e dos transportes fixeron posible que a sociedade contemporánea fose urbana, concentrándose cada vez máis a poboación nas cidades porque nestas atopábase a actividade produtiva. As transformacións económicas que trouxo consigo a Revolución Industrial determinaron a aparición e o desenvolvemento dunha nova organización social que desprazou á sociedade estamental do Antigo Réxime, de marcado carácter rural, dado o predominio económico da agricultura. Esta nova organización social foi a sociedade de clases.

Unha clase pode definirse como **un grupo social integrado por individuos que teñen un nivel de riqueza semellante**. Mentres que na sociedade estamental o elemento de diferenciación social era o nacemento, na de clases ese elemento diferenciador é claramente económico: **a riqueza acumulada**.

A sociedade de clases **é máis dinámica que a estamental porque existe maior mobilidade social**, é dicir, máis posibilidades de ascenso na escala social. O individuo non se atopa cun límite establecido pola tradición e a súa orixe familiar que lle impida variar a posición social. O enriquecemento da persoa, con independencia da súa orixe, permítelle mellorar socialmente.

Ademais **desaparecen os privilexios existentes no A.Réxime**, que acaparaban a nobreza e a clero. Na sociedade de clases triunfa o **principio de igualdade xurídica** (igualdade de todos os cidadáns ante a lei), comezando a valorarse ao individuo como tal e téndose en conta os seus dereitos e liberdades.




- ? 1.- Define *Clase social*  
2.- **Contrasta** as características da sociedade contemporánea e a do Antigo Réxime.

Todo o que se explica anteriormente non debe facer que esquezamos que a sociedade de clases, como a estamental, é unha *sociedade xerarquizada*. Por que? Porque **non todas as persoas disfrutan dun mesmo nivel de riqueza** e a posición e o prestixio das persoas na sociedade capitalista veñen determinados pola situación económica das mesmas. Ademais, no século XIX a posibilidade de acceder a unha formación cultural e académica estaba reservada unicamente a aqueles que tiveran diñeiro para pagalas (clase burguesa), e isto permitiría a estas persoas o control do goberno, das finanzas, dos medios de comunicación e, polo tanto, o dominio social.

Sempre que existe unha xerarquización social cabe establecer unha diferenciación entre grupos dominantes e grupos dominados. Na sociedade estamental había dous estamentos dominantes e privilexiados (nobreza e clero) e un estamento dominado e non privilexiado (o Terceiro Estado). No caso da sociedade de clases hai novos protagonistas sociais: *a burguesía, que exerce o control económico, político e ideolóxico; e o proletariado, clase traballadora sometida á anterior.*

? 3.- Por que era “*xerarquizada*” a sociedade de clases?

4.- Que **dúas** clases sociais foron protagonistas da industrialización?



# I.- A SOCIEDADE DE CLASES



? 1.- Define *Clase social*.

2.- **Contrasta** as características da sociedade contemporánea e a do Antigo Réxime.

3.- Por que era “**xerarquizada**” a sociedade de clases?

4.- Que **dúas** clases sociais foron protagonistas da industrialización?

*Os cambios introducidos polas Revolucións agraria, industrial e liberal deron lugar a unha nova sociedade baseada na **igualdade xurídica**: en diante, todos os homes serían xulgados polas mesmas leis e tribunais, e poderían acceder aos cargos públicos segundo os seus **méritos**, e non polas súas orixes familiares.*

*A revolución liberal eliminou os criterios de organización social característicos do Antigo Réxime baseados no privilexio herdado (nobreza) ou adquirido (clero). Os **estamentos desapareceron** e, no seu lugar, a nova sociedade organizouse en **clases sociais**, é dicir grupos sociais abertos diferenciados pola súa riqueza.*

*Con todo, a sociedade continuou sendo **desigual**. Por unha banda, as mulleres seguían subordinadas aos homes (pais, maridos ou fillos) e non se recoñecían os seus dereitos. Por outra banda había unha gran diferenza económica entre os que tiñan propiedades e os que carecían delas.*

*A **burguesía** converteuse na clase dominante cando a nobreza e o clero perderon a maior parte dos seus privilexios. Por debaixo deles, a inmensa maioría da poboación, o **proletariado**, vivía unicamente do salario que cobraba polo seu traballo.*



Diferenza entre traballo e capital

## ► Cal era a situación dentro da nova sociedade dos grupos sociais existentes no Antigo Réxime ?

A nobreza perdeu protagonismo social a favor da burguesía. A perda dos seus privilexios foi acompañada en moitas ocasións da ruína económica. Con todo, mantiveron a propiedade das súas terras e, en bastantes ocasións, os nobres estableceron pactos cos sectores conservadores da burguesía (alta burguesía) constituíndo unha oligarquía dominante.

O clero sumou á perda dos seus privilexios económicos e xurídicos, o declive da enorme influencia ideolóxica que exercía sobre a sociedade (cabe destacar, por exemplo, que o ensino deixou de ser un monopolio da Igrexa ). De todos os xeitos, a Igrexa mantívose como un grupo de bastante influencia que facía escoitar a súa voz.

Os campesiños conseguiron liberarse da situación de servidume e dependencia persoal na que se atopaban no Antigo Réxime (aínda que este tipo de situacións persistirían nos países de Europa oriental e do sur ata a segunda metade do século XIX). De todas formas, a falta de traballo no campo e a quebra das pequenas propiedades rurais, ante a competencia das grandes explotacións agrícolas tecnificadas e mecanizadas, obrigaron a miles de campesiños a emigrar cara ás cidades na procura dun posto de traballo. Alí nutriron, xunto coas antigas clases populares urbanas, as fileiras do proletariado industrial.



? 5.- Indica os **cambios** producidos nos grupos sociais no paso do Antigo Réxime á época contemporánea.

? 5.- Indica os **cambios** producidos nos grupos sociais no paso do Antigo Réxime á época contemporánea.

A **nobreza aristocrática** perdeu parte do súa preeminencia social cando se eliminaron os seus dereitos señoriais sobre os campesiños, comezou a pagar impostos e tivo que vender terras para manter o seu ritmo de vida. A maioría dos aristócratas carecían de espírito empresarial e non souberon investir nos novos negocios que se estaban desenvolvendo.

Con todo, durante moito tempo, **seguiron ocupando os postos máis prestixiosos** na política, na xustiza, no exército e na diplomacia, e a súa forma de vida era o **modelo social** que os burgueses imitaban.

Os fillos dos aristócratas empobrecidos resignáronse a casar cos dos burgueses adinerados para manter a súa forma de vida e o seu patrimonio; moitos burgueses conseguiron así títulos nobiliarios.

O crecemento urbano foi consecuencia do **éxodo rural**. Os **campesiños**, aos que a mecanización das tarefas agrícolas e a concentración da propiedade deixaron sen terras e sen traballo, acudiron ás ciudades en busca dun emprego nas fábricas ou emigraron ao outro lado do Atlántico, en busca dunha nova vida.



## II.- O DOMINIO SOCIAL DA BURGUESÍA

Na sociedade de clases a **burguesía** aparece como o grupo social **dominante**, o que resulta lóxico se temos en conta o seu papel protagonista nas transformacións económicas e políticas do século XIX. Este dominio pode observarse en distintos aspectos:

► **Dende o punto de vista económico** podemos apreciar que a burguesía era **a clase máis rica**. Acumulaba a maior parte dos capitais procedentes da industria, do comercio, da agricultura, das finanzas... actividades das que sempre obtiña importantes beneficios, que investía de novo para aumentar a súa fortuna. **A burguesía controlaba todos os sectores da economía.**

► **Dende o punto de vista ideolóxico** o instrumento de dominio burgués baseouse en que **se trataba dunha clase social cunha sólida formación cultural**, o que contrastaba coa dificultade que a meirande parte da poboación tiña para acceder á mesma. A razón estaba en que os burgueses dispoñían da capacidade económica e do tempo libre necesarios para acadar esa formación.

► **Dende o punto de vista político a existencia dun sufraxio censatario non facía outra cousa que favorecer aos burgueses debido ao seu nivel de riqueza** e, pola contra, prexudicar aos membros das clases populares que non podían participar na vida política. Como consecuencia os gobernos e os Parlamentos estaban dominados polos representantes da burguesía e, polo tanto, pódese afirmar que o **Estado liberal do século XIX foi un Estado burgués.**



? 6.- Por que se converte a burguesía na **clase dominante**?

## II.- O DOMINIO SOCIAL DA BURGUESÍA

? 6.- Por que se converte a burguesía na **clase dominante**?

A burguesía acumulaba a maior parte do capital, controlaba o mercado e as redes de distribución, establecía os prezos dos produtos e o salario dos obreiros que traballaban nos seus negocios. A lexislación establecida polo novo réxime liberal favorecía os seus intereses: dereito exclusivo de voto e de participación política, liberdade de mercado, protección da propiedade privada... Ao mesmo tempo, a súa riqueza e o control da cultura permitíalle impor a súa **mentalidade e valores a toda a sociedade**: a exaltación da propiedade privada, a virtude do traballo, o éxito persoal, a familia e as formas refinadas. Os **gustos burgueses** tamén se estenderon nas cidades industriais: novos costumes, modas, diversións...



### Memorias dun burgués

Nós sempre coñecemos o traballo, querido fillo. Os nosos devanceiros adicáronse aos negocios. O meu pai traballou moito e tamén o fago eu, traballo con gran dedicación. Vou á fábrica polo menos tres veces á semana ás 5:30 da mañá, abandónoa ás 7:30 da tarde. Madrugar non me molesta, pero pola noite déitome cedo, ás 9:30”.





A burguesía *non é unha clase social homoxénea*, poidendo diferenciarse dentro dela dous grandes grupos:

► A *alta burguesía*, integrada polos propietarios de grandes fortunas, cunha tendencia política liberal conservadora, mantíña un enfrontamento absoluto coas clases populares - especialmente co proletariado - e incluso cos restantes sectores burgueses.

► A *pequena ou baixa burguesía*, formada por persoas con niveis de riqueza inferiores (pequenos comerciantes, propietarios de pequenas industrias e negocios...) e cunha tendencia política liberal progresista, máis próxima ás clases populares (aínda que marcando diferenzas con respecto a elas) e enfrontada ao grupo anterior.

► Outro grupo, denominado *clase media* estaba integrado polos membros de profesións liberais (xente con estudos universitarios que podían traballar por conta propia a partir da posesión dun título: profesores, médicos, avogados...) e polos funcionarios públicos (traballadores ao servizo do Estado de quen recibían un salario). A maioría compartía a tendencia política progresista da baixa burguesía, ambos grupos eran considerados como un nivel intermedio entre as clases alta e a baixa.



“Oficina de algodón en Nova Orleans”, Edgar Degas, 1873

? 7.- Que grupos podemos diferenciar dentro da burguesía?  
**Caracterízaos.**



## ? 7.- Que grupos poden diferenciarse dentro da burguesía? **Caracterízaos.**

Entre os burgueses ricos impúxose a moda de acudir pola noite ao **café**, onde pasaban as súas horas de ocio, alí aproveitaban para ler, facer negocios, xogar ao billar e outros xogos de mesa... Moitos eran os que tiñan **tempo libre** para frecuentar clubs de lecer, acudir a festas e reunións sociais e interesarse pola arte e a cultura, asistindo ao teatro, concertos, exposicións... Grazas ao ferrocarril tamén empezaron a viaxar, facer excursións ao campo, popularizaron as vacacións xunto ao mar...



### CLASES MEDIAS

- Baixa burguesía: pequenos comerciantes e industriais...
- Profesións liberais: médicos, avogados...
- Funcionarios
- Propietarios agrícolas

### CLASES ALTAS

- Alta burguesía: grandes comerciantes, donos das fábricas, banqueiros...
- Nobreza tradicional



### CLASES BAIXAS

- Proletariado industrial
- Servizo doméstico
- Asalariados
- Campesiños pobres e xornaleiros
- Marxinados...



A expresión “**clases medias**” utilizábase no s.XIX para facer mención ás profesións liberais e aos funcionarios, pero acabou por incluír tamén á **pequena burguesía**, tanto urbana como rural. Foron os que mellor encarnaron o modelo de vida burgués, pois lograron un poder adquisitivo aceptable, pero sen a opulencia dos ricos.

A ostentación e o luxo tamén quedaron reflectidos na **indumentaria dos burgueses acomodados**, que se convertiu nun claro elemento de diferenciación e de superioridade.

*O home considerado elegante deixaba poucas partes do seu corpo á vista. Sobre as camisas bordadas e o pantalón, longo e axustado, os varóns engadían chaleco, gravata, panos, abelorios e cadeas, que adornaban a pecheira, e no inverno, longas capas e abrigos. Xeralizouse o uso do frac, da levita, do lazo, do sombreiro e das lubas.*



*A indumentaria da muller era aínda máis complicada. Compoñíase de numerosas pezas e escondía con máis eficacia, se cabe, o seu corpo. Faixas e corpiños creaban, non sen esforzo, a imaxe dun talle estreito. Os vestidos longos exhibían abundantes lazos, fitas e encaixes; as enaguas eran unha peza intermedia entre a roupa interior, medias incluídas, e o vestido exterior. Os sombreiros femininos eran máis aparatosos que os masculinos, e podían ser complementados por mantillas, tules e veos.*



### III.- O NACEMENTO DO PROLETARIADO COMO CLASE

A Revolución Industrial deu orixe a unha nova clase social integrada polos obreiros que traballaban nas fábricas e polas súas familias: o **proletariado**. Os proletarios tiñan fundamentalmente dúas procedencias dende o punto de vista social: as *clases populares urbanas do Antigo Réxime*, entre os que predominaban os artesáns arruinados pola competencia do sistema de fábrica capitalista; e os *campesiños*, atraídos cara ás cidades pola posibilidade de traballar nas fábricas.

Nos comezos da Revolución Industrial estes obreiros eran poco esixentes en materia de salario, carecían de unión e cohesión interna e dependían totalmente dos empresarios. As condicións de vida e de traballo do proletariado amosaban con claridade que era o **grupo dominado** na sociedade de clases capitalista.

En canto ás **condicións de traballo** pódese destacar o seguinte: un horario laboral excesivo (entre 12 e 15 horas diarias); inexistencia dunha lexislación laboral (o traballo non se entendía como un dereito da persoa, senón que era un produto que o obreiro vendía ao empresario e este establecía as condicións dos contratos); os salarios eran moi reducidos; non había unha seguridade social que garantizase aos traballadores auxilio en caso de enfermidade ou a posibilidade de xubilarse a unha determinada idade; explotación de mulleres e nenos, utilizados como man de obra barata cuns salarios inferiores aos dos homes aínda que traballasen o mesmo.



? **8.- Define Proletariado.**

No referente ás **condicións de vida** observamos unha situación igualmente inxusta: ausencia de infraestruturas urbanas nos barrios obreiros (rúas sen asfaltar, vivendas de mala calidade, amontoadas sen orde ningún, fume, lixo...); imposibilidade de acceder a unha cultura e a unha educación mínimas; existencia de problemas sociais como a mendicidade, o alcoholismo ou a prostitución...

### Salarios diarios en Francia en 1840\*

Home	2 francos
Muller	1 franco
Neno de 8 a 12 anos	0,45 francos
Neno de 13 a 16 anos	0,75 francos

\* Un quilo de pan custaba 0,40 francos



*“Traballo no pozo de Gawber. Non é moi cansado, pero traballo sen luz e paso medo. Vou ás catro e ás veces ás tres e media da mañá e saio ás cinco e media da tarde. Non adormezo nunca. Ás veces canto cando hai luz, pero non na escuridade, entón no me atrevo a cantar. Non me gusta estar no pozo (...) Vou á escola os domingos pola mañá e aprendo a ler (...). Prefiro, de lonxe, ir á escola a estar na mina.*”



Declaración da nena Sarah Gooder, de 8 anos. Testemuño recollido pola Comisión Ashley para o estudo da situación nas minas, 1842.

? 9.- Comenta as **condicións de vida e de traballo** da clase proletaria.

# III.- O NACEMENTO DO PROLETARIADO COMO CLASE

? 8.- Define Proletariado.

? 9.- Comenta as condicións de vida e de traballo da clase proletaria.

*Os obreiros quedaban a expensas dos intereses dos burgueses, que impuxeron duras condicións nas fábricas e minas para obter o máximo beneficio do seu traballo.*

*Non existía **lexislación laboral** e o Estado, aplicando o principio de non intervir na economía, deixaba en mans de patróns e obreiros todo o referente ás relacións laborais. A **man de obra era moi abundante**, o que permitía aos patróns establecer as súas condicións. As **xornadas de traballo** eran moi longas e os salarios tan escasos que obrigaban a traballar a toda a familia. As **condicións de traballo** da fábrica ou a mina eran mínimas en cuestións de hixiene e seguridade, ademais carecían de seguridade social en caso de enfermidade, de paro ou de xubilación. Os **códigos de disciplina** eran moi ríxidos e severos, o ritmo de traballo estaba marcado polas máquinas, era normal a imposición de multas por falar, asubiar ou retirarse enfermo do traballo.*

*A causa dos baixos salarios, **as familias vivían ao día**, os gastos cotiáns levaban todo o salario, polo que non podían aforrar e vivían sempre ameazados pola pobreza e a privación, polo que a esperanza de vida era baixa. A falta de diñeiro dificultaba a instrución dos fillos, pois debían traballar, o que bloqueaba toda posibilidade de mellora social.*




## *A vida dunha adolescente - obreira, ano 1800*

*“Chámome Mary Smith, teño 14 anos, vivo coa miña nai, Lisa Smith, que ten 34 anos e os meus irmáns. Traballo en Manchester, nunha fábrica téxtil moi grande, somos uns mil obreiros e máis da metade temos menos de 15 anos; dise que non admiten a ninguén de menos de 9, pero eu sei que moitos dos meus compañeiros teñen menos, uns 7, 8 anos... A maior parte do traballo facémolo nenas, nenos e mulleres.*

*A xornada comeza ás 5:30, así que teño que me erguer ás 4:30, cando é noite!. Rematamos ás 7 da tarde. Temos dous altos, un de media hora ás 8 para o almorzo e outro ás 12 para o xantar. Como non temos tempo de ir á casa, sempre o comemos na fábrica, agás a cea, que é o mellor momento do día, antes de ir durmir.*

*Non sei ler nin escribir, nunca fun á escola... Hai tres anos que traballo, pero nesta fábrica non levo nin un ano. Non sei canto gaño, porque todo llo dan á miña nai, que traballa na mesma empresa, e tamén traballan aquí os meus irmáns máis novos: John, de 10 anos e Anne de 9. Esa é toda a miña familia agora. Hai uns anos morreu un irmán pequeno, un bebé, e antes de nacer eu a miña nai tivo outra nena que tamén morreu ao pouco de nacer.*

*A miña nai non naceu aquí, chegou sendo pequena cos seus pais e irmáns desde o norte. Alí vivían nunha aldea, eran campesiños, pero houbo cambios e os botaron fóra. A miña avoa, cando eu era pequena, sempre me falaba do ben que comían alí... nunca se acostumou a vivir pechada.*




*O meu traballo é o de vixiar as máquinas de tecer, se rompe un fio debo parar a máquina, unilo e volvela a poñer en marcha. O importante é que a máquina estea parada pouco tempo. O encargado vixía o traballo, e non dubida en empregar o látigo se ve que estamos a durmir ou que non estamos ben atentos e rápidos... pero custa moito aguantar ao pé das máquinas tanto tempo, sen cambiar a penas de sitio nin de posición! e, ademais, pican os ollos do po que hai no aire!*

*Isto non é traballo, é unha tortura!. Traballamos demasiado tempo en ambientes pechados, os locais son poirentos e húmidos, o aire que respiramos está envelenado polo po do algodón, os aceites e outras substancias utilizadas polas máquinas...*

*Ah!, e por se iso fose pouco, non hai ningún tipo de seguro que nos permita seguir cobrando se caemos enfermos ou temos un accidente que nos obrigue a deixar de traballar.*

*Aínda así son poucos os que se atreven a protestar ou esixir melloras, xa que o empresario responderá simplemente cun despido, adeus ao traballo!, para ese “tirano” non é ningún problema, sempre terá a quen contratar, incluso pagando menos atopará traballadores...*

*Que miseria! Non haberá ninguén que mire por nós?...”*





Os **obreiros foron adquirindo conciencia** de que a situación na que se atopaban era inxusta e de que uníndose podían intentar cambiala. A partir dese momento **comezaron a esixir melloras laborais e sociais**, aínda que ao principio as protestas foron violentas e descoordinadas (*ludismo*). Pero pronto organizárianse coa aparición dos *sindicatos*, asociacións obreiras que tiñan como obxectivo a defensa dos intereses dos traballadores utilizando instrumentos de presión como a *folga*, que consistía na negativa a realizar o traballo para paralizar a produción e provocar perdas económicas ao empresario que lle obrigaran a negociar (os obreiros acudían de todas formas ás fábricas para evitar coa súa presenza a utilización por parte dos empresarios doutros traballadores- *esquiroles*-).

Ademais en determinados sectores da sociedade, especialmente entre algúns intelectuais pertencentes á propia burguesía e ás clases medias, desenvolvéronse paulatinamente **ideoloxías opostas ao capitalismo** que asumían a defensa dos intereses do proletariado: as *ideoloxías socialistas*.

? **10.-** Que **reaccións** se produciron ante as condicións de vida e de traballo nas que se atopaba a clase proletaria?

**11.- Define Folga e Sindicato.**



*A folga precisaba da unión e organización dos traballadores e de que tivesen capacidade de resistencia económica para poder subsistir. En ocasións, a necesidade obrigou aos obreiros a volver ao traballo sen conseguir os seus obxectivos.*

? 10.- Que **reaccións** se produciron ante as condicións de vida e de traballo nas que se atopaba a clase proletaria?

11.- Define *Folga* e *Sindicato*.

Durante o s.XIX, os **traballadores asalariados**, conscientes da explotación laboral e exclusión política que sufrían, **comezaron a organizarse** para intentar mellorar as súas condicións de vida. Fixérono a través de **accións colectivas de protesta** e de asociacións estables capaces de formular as súas demandas fronte aos propietarios, empresarios e autoridades políticas. Co paso do tempo, xurdiron os **sindicatos** modernos e os **partidos obreiros** que defendían o **socialismo**, unha doutrina política e social que reclamaba a abolición do sistema económico capitalista e a creación dunha sociedade máis xusta e igualitaria.



Algúns traballadores **protestaron** contra as súas malas condicións de vida e traballo destruindo máquinas, pois considerábanas culpables da súa situación. Nesta primeira época, os obreiros tiñan **prohibido formar asociacións** para defender os seus intereses. O seu principal instrumento de presión era a **folga**. Nos seus inicios, patróns e gobernos intentaron desarticular as reivindicacións e utilizaron as sancións e os despedimentos, ou á policía e ao exército, para reprimir as folgas e manifestacións.

